



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E DIVERSOS CONCELLOS NO MARCO DO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA DO DECRETO 168/2008, DO 24 DE XULLO, POLO QUE SE REGULAN AS AGRUPACIÓNS DAS SECRETARÍAS DE XULGADOS DE PAZ.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. É desexo desta Vicepresidencia Primeira e Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o financiamento da contratación laboral do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz do concello, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior aos cinco anos, ou ben, o concello tivese procedido á súa contratación no ano 2021 ao abeiro da disposición transitoria do Decreto 168/2008, do 24 de xullo.

Antecedentes: Dende o ano 2009 vense asinando convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz.

**Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar cos Concellos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022.



Os concellos cos que se pretende asinar o convenio de colaboración son os seguintes:

	CONCELLO	IMPORTE
1	FRADES	9.500,00 €
2	OUTEIRO DE REI	9.500,00 €

O convenio **ten por obxecto** fomentar a contratación do persoal idóneo, como administrativo ou no seu defecto auxiliar administrativo, das secretarías dos xulgados de paz por parte do Concello.

O instrumento convencional que se pretende formalizar **fundaméntase** no seguinte:

- A través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE do 17 de decembro de 1996), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que dentro do territorio de Galicia desempeñaba a Administración do Estado sobre revisión e aprobación das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, fixación do seu cadro de persoal e adscrición, se é o caso, de funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, aos xulgados de localidades de máis de 7.000 habitantes e aos que pola carga de traballo se considere xustificado.
- Froito do exercicio da anterior competencia é o Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz (*DOG do 12 de agosto de 2008*) que, na súa disposición transitoria primeira, establece que en tanto non se revoguen ou deixen sen efecto polos concellos ou a consellería competente, respectivamente, as designacións de persoal idóneo das secretarías dos xulgados de paz, este persoal deberá colaborar nas funcións propias das secretarías, para o cal no seu apartado segundo senta as bases para dignificar as condicións de traballo deste colectivo que, sen relación laboral coas administracións públicas, e ao abeiro do artigo 50.3 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, está a desempeñar, por un tempo superior aos cinco anos, as funcións nas secretarías de xulgados de paz en localidades de menos de sete mil habitantes.





- Neste senso, para garantir a colaboración do persoal idóneo nas funcións propias das secretarías de paz en dignas condicións de emprego, o devandito Decreto prevé a formalización de convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as administracións locais para fomentar a contratación deste persoal por parte das administracións locais competentes, coas limitacións previstas na referida disposición.

**Financiamento:** Co fin de fomentar a contratación do persoal idóneo como administrativo ou no seu defecto auxiliar administrativo por parte do Concello, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (a través da Dirección Xeral de Xustiza) financiará ao Concello os gastos subvencionables sinalados na cláusula segunda, ata un máximo de nove mil cincocentos euros (9.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.461.1 dos de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Juan José Martín Álvarez

Director xeral de Xustiza

